

CANTA XENTE SE NECESITA...?

Texto e ilustracións de ANNA FONT

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartón. 21 x 29,7 cm. 36 páx. 16 €

Canta xente se necesita...? (galego)

ISBN 978-84-1343-292-2. Álbum ilustrado. Demademora.

¿Cuánta gente se necesita...? (castelán)

ISBN 978-84-1343-334-9. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

Quanta gent es necessita? (català)

ISBN 978-84-10387-00-3. Álbum ilustrado. Obres d'autor/a.

*...Para chegar? Necesítase unha mamá.**

*Pero... para medrar? Necesítase de alguén que te coíde.**


*E... para empezar a andar? Necesítase alguén disposto a botar unha man.**

Un orixinal libro-xogo que invita a pensar e a compartir reflexións sobre os afectos, a cooperación e a convivencia en comunidade.

Ao igual que facer un libro require a participación de moitas persoas, «Canta xente se necesita...?» expón diversas situacións nas que resulta imprescindible a presenza ou a colaboración de alguén máis para que algo suceda. Hai circunstancias vitais como nacer, medrar, empezar a andar ou voar (acaso unha metáfora da madurez); momentos cotiás como cambiar unha lámpada ou dar un bico; algúns rocambolescos como subir a un elefante ou causar un atasco; outros de calado filosófico e emocional como sentir soidade (e a súa antítese). Nestas e noutras accións —nas que a infancia ten un gran protagonismo— ten que haber unha man allea tendida, un xesto de apoio, unha axuda altruista.

Anna Font reflexiona sobre as posibilidades para construírmos unha sociedade plural, cohesionada e, por extensión, un mundo mellor no que todas e todos temos algo positivo —e non necesariamente material— que achegar e compartir. Así, abórdanse a tolerancia e a diversidade de familias e parellas, a cooperación polo ben común, a ecoloxía, a solidariedade e a empatía ante o individualismo e a indiferenza, a mobilización fronte á apatía... Unha mensaxe ao alcance das nenas e dos nenos en clave de humor, optimismo, esperanza e sentido lúdico da lectura, con preguntas que admiten respostas diversas, animando a dialogar e a intercambiar opinións libremente. Como tratándose dun xogo de adiviñas, a contribución da autora represéntase de forma invertida e con distinta tipografía.

Ademais da sinxeleza, da frescura, da espontaneidade e do ton poético do texto, tamén destacan o colorido e a luminosidade das ilustracións a dobre páxina: colaxes que, a través de múltiples detalles, amplifican a capacidade evocadora desta obra.



- **Temática:** vida en comunidade.
- **Idade recomendada:** dende 3 anos.
- **Aspectos destacables:** solidariedade, cooperación, amizade, tolerancia, diversidade, convivencia, sentimentos, crecemento persoal, reflexión; relacións humanas, sociedade; libro-xogo, preguntas, adiviñas; colaxe; da ilustradora de «A visita» (XVI Premio Compostela e Premio Cuatrogatos 2024) e «Nas de pallasso» (KALANDRAKA).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/canta-xente-se-necesita-g>

Anna Font

(Barcelona, 1973)

Formouse artisticamente na Escola de la Dona e no Centre Universitari de Disseny i Art de Barcelona. Publicou preto dunha vintena de libros ilustrados, traducidos a diversas linguas. Ademais do XVI Premio Internacional Compostela 2023 por «A visita» (Kalandraka), escrito por Núria Figueras, tamén recibiu os premios Vila de Tèrmens (2021) e Serra d'Or (2020); foi finalista no certame da Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña en 2020 e 2021. Ademais, colabora nas revistas *El Tatano* e *Pantera*, e compaxina o seu traballo coa docencia.
<http://www.annafont.net>

